

## Aportacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Marín

Desde o Colectivo Nacionalista de Marín vemos con preocupación como se está desenvolvendo o proceso de elaboración do Plan de Urbanismo de Marín. O secretismo con que se fai e os exemplos de urbanismo desbordado que se están dando nos concellos do litoral galego, e máis concretamente en Cangas e Moaña, poden darnos unha idea de que é o que nos espera: recalificacións masivas en beneficio da especulación.

A redacción dos Plans sempre se fai desde a máis absoluta opacidade até que non queda máis remedio que facer a obrigada exposición pública. O que acontece entre bambalinas non sae a lus. Qué está pasando coa redacción do Plan en Marín? Os veciños e veciñas de Marín descoñecemos que é o que se coce nas comisións de urbanismo, ou fora delas. Pero se os rumores son certos podemos prepararnos para ver o noso concello transformado nunha gran extensión de formigón e baldosa. Parece que uns e outros andan preocupados en acadar a recalificación dos «amigos» para pagar e volver a recibir favores electorais.

**Onde están os modelos de participación cidadán que nos prometeron na campaña eleitoral? Onde podemos opinar sobre o desenvolvemento futuro do noso concello? É como podemos opinar se non sabemos o que están facendo 21 persoas en representación de 27.000?**

É necesario que a sociedade demande claridade e que se fagan públicos os acordos a que se están dando na comisión de urbanismo por parte dos partidos políticos que están no concello. Sabemos que están chegando a eses acordos e queremos coñecerlos, os cidadáns debemos saber que é o que cocen os que din representarnos. **O Plan de Urbanismo vai modificar e ser o modelo para o futuro desenvolvemento do noso concello, e polo tanto os veciños e veciñas tamén queremos opinar.**

Os nosos gobernantes deben dar a coñecer as liñas básicas do Plan, o número de polígonos e a sua ubica-



ción, que terreos van recalificar, como vai quedar o noso litoral, como van ser os núcleos rurais e as suas zonas de expansión, que zonas verdes imos poder disfrutar (non contamos como zona verde as baldosas de algunhas prazas), etc.

Teñen que explicar **que repercusións van ter para os veciños os polígonos** é en función de que e para que van aparecer no Plan, xa que esta figura urbanística xa foi polémica no anterior intento de redacción e provocou bastante malestar. **Van dar vía libre á pantasma legal do «axente urbanístico» e as ameazas das expropiacións privadas** no Plan Urbanístico de Marín?

En definitiva, vai triunfar un deseño racional do territorio ou se vai transformar Marín nunha vila nova e distinta irrecoñecíbel.

## Un desenrolo alleo ao desenvolvemento sostíbel.

É anecdótico atopar algunha mención na redacción dos plans de urbanismo sobre a necesidade do emprego de enerxias renovábeis, como a solar, o emprego de materiais non contaminantes ou o cumprimento de normas enerxéticas para un baixo consumo. O deseño da alineacións deben ter en conta aspectos como o soleamento ou a protección de ventos frios, o que provoca aforros no consume enerxético das vivendas.

Na elaboración dun novo PXOM deberían ter-se en conta estes factores, integrando no mesmo as obrigas en materia de instalacións solares nos edificios novos. Debendo, ademais, a administración local dar exemplo e implantar nas súas instalacións de xeito gradual paneis solares que suministren enerxía para luz e calefacción.

Outro aspecto fundamental é o fomento do transporte público. A comunicación das parroquias por este medio dunha forma eficiente pode liberar ao centro da vila de gran cantidade de coches e solucionar en grande parte o problema do aparcamento.

A tendencia nos países civilizados é arrombar os vehículos e sacalos dos centros das vilas e cidades recuperándoas para as persoas. Eliminamos un foco de contaminación e investimos en saúde.

## Os portos deportivos, un elemento máis dun modelo especulativo

Están xurdindo por todo o noso litoral numerosos proxectos de construción de portos deportivos. Desde as administracións, xa sexa a local ou a autonómica, tentan vendernos estas obras como unha gran inversión que nos vai dar moita riqueza cando a realidade que todos coñecemos é que nos portos existentes hai moi poucas persoas contratadas.

As consecuencias medioambientais da construción deste tipo de portos son notórias ao pouco tempo de rematar as obras. En Sanxenxo, Agüete ou Beluso asistimos a un rápido deterioro das praias con perda e trasbase de area motivado polo cambio nas correntes, conseguindo deteriorar os atractivos que realmente atraen aos visitantes como son as nosas fermosas areas. Esta situación tenta remediar-se, por exemplo, na praia de Silgar a base de continuos trasbases de area de outras zonas cun custe elevadísimo que temos que pagar todos nós.

**Para qué serven e a quién?** Estas obras fan-se normalmente para satisfacer a uns poucos privilexiados que teñen a posibilidade de ter o seu iate atracado todo o ano ao abrigo do mal tempo, e no vran dar-se uns paseos pola ria. A relación custe-usuários ou o deterioro medioambiental que provocan non compensa nen socialmente nen economicamente. Non se xustifica desde nengun punto de vista investir uns cartos que poden ser destinados á sanidade, mellora das comunicacións das nosas vilas, educación ou calquer outro tipo de inversión máis productiva para a sociedade.

É de resaltar a atitude dos veciños de Cangas que paralisaron as obras do previsto porto deportivo en Masso, que tiñan intención de complementar unha megaurbanización para así dar un paso máis na marbellización desta vila do Morrazo.



## Cultura e identidade, limitando e obstaculizando a construción no rural

O modelo urbanístico que nos queren impoñer vai encamiñado a limitar a construción nas zonas rurais aos particulares para provocar o éxodo ao centro urbano e polo tanto ter que mercar os pisos que nos ofertan constructores e inmobiliarias.

A forma en que se construen as casas, a súa colocación no entorno que as rodea, tamén forma parte da cultura e a identidade dun povo. As maravillosas estampas da costa galega coas súas postas de sol, as súas chalanas nas praias e o verde das árbores é un atractivo que utilizan os inversores inmobiliarios para vender pisos aos estresados madrileños. Pero como se ven denunciando nalguns artigos publicados recentemente, esta postal pode desaparecer por culpa dos que a utilizan para vender as súas urbanizacións que están destrozando o noso litoral.

## Construcción fora de control

Todo isto vai acompañado dunha total falla de control das obras que se realizan, teñan licéncia ou non, o que da lugar a infraccións clamorosas e denuncias públicas sen que se leve adiante nengun tipo de actuación. Os Concellos teñen obriga de facer cumprir a lexislación vixente en materia urbanística e non deixar facer.

**Este xeito de actuar está provocando que xurdan auténticas fabelas arredor dalgúns praias de Marin.** Os que teñen cartos poden delinquir xa que canto máis grande sea a obra máis probabilidades ten o infractor de non ser molestado. A apropiación de viais públicos convirte-se nunha cousa normal, chegando ao esperpento en Marin de impedir a asistencia a persoas discapacitadas porque non deixan sitio para pasar ambulancias.

# Mercar unha vivenda digna é cada día máis difícil en Marín

Esta ano no estado español construíron-se máis vivendas que a suma das construídas na Franza, Alemaña e Italia xuntas, eso que ten unha poboación catro veces menor que a que forman estes tres países. Segundo datos recentemente publicados nos medios de comunicación, na ría de Vigo os novos planeamentos urbanísticos preveen a edificación de 60.000 novas vivendas (Baiona, Nigrán, Cangas e Moaña) e en Galiza están previstas unhas 600.000 entre os próximos 5 e 10 anos na franxa costeira.

A construción de novas vías de comunicación, como a vía rápida do Morrazo, facilita o acceso á costa e provoca un aumento da demanda de segundas vivendas. Estas urbanizacións están destinadas fundamentalmente a un mercado alleo, sendo vendidas moitas delas directamente fora de Galiza.

Actualmente a construción de vivenda nova mostra un carácter fortemente especulativo, abandonando todo criterio de utilidade social e entregando-se ao beneficio particular nunha fuxida cara adiante que os políticos de distintos partidos – frecuentemente en connivencia cos grandes capitais do negocio inmobiliario– non semellan querer nen poder conter.

Estámos asistendo ao traslado do fenómeno urbanístico-especulativo típico do mediterráneo a nosas costas. O modelo expansivo de construción, as urbanizacións de *chalets adosados con vistas ao mar*, xunto cos pelotazos urbanísticos e as

recalificacións están á orde do día.

Esta situación está levando a que nos concellos onde se da este

**«O alto prezo da vivenda fai imposíbel que a xuventude poida acceder a ela.»**

fenómeno o prezo da vivenda se dispare e sexa tan alto que os naturais non poidan competir cos foráneos xa que non teñen a capacidade económica para mercar nunha desamarravillosa urbanizacións, como a que coñecidos futbolistas están construíndo na Costa da Morte, ou teñen que endeudarse de por

vida. A expulsión do mercado ou a condena eterna cunha hipoteca que nos acompañará até o fin dos nosos días son a al-

ternativa.

Outra limitación que se está producindo é a do acceso da xente nova á vivenda. **É practicamente imposíbel que a poboación de menor idade poida mercar tendo que empregar cerca do 90% dos seus ingresos en pagar unha hipoteca polo resto da súa vida.**

A redacción de

novos Plans Xerais esta provocando que os políticos que gobernan os concellos, e as oposicións, sexan da cor política que sexan, parcelen o territorio non en función dun desenvolvemento sostíbel e beneficioso para os cidadáns garantindo unhas condicións de habitabilidade do territorio con zonas verdes e equipamentos, senón en base a acordos con grupos inmobiliarios.

O que está acontecendo en Cangas, é un bo exemplo de como funciona a relación política-construcción. Un goberno municipal asina convénios especulativos para urbanizar até o límite, en terreos comunais de Aldán que están en disputa, provocando unha protesta veciñal que foi capaz de paralizar e cuestionar a elaboración do novo PXOM. O Plan do concello de Moaña provocou un gran número de alegacións demostrando que distintas cores políticas entenden o urbanismo desde un punto de vista económico e non social.



## As vías de comunicación, unha articulación allea

As vías de comunicación non están deseñadas en función das necesidades do conxunto da sociedade. Fan-se en función de intereses económicos determinados, na maior das veces especulativos, como é a chamada vía rápida do Morrazo. Non se fan vías de comunicación pensadas en articular as vilas e as parroquias, comunicarnos mellor cos nosos veciños ou intercomunicar Galiza. **Canto nos leva chegar a Lugo?** De Marin ao concello de Alfoz sete horas en diversos transportes públicos.

Tampouco se promocionan os medios de comunicación públicos como o tren ou o autobús. Hoxe só é posíbel ir de Vigo a A Coruña, ou viceversa, e unha odisea tentar chegar a calquer outro punto de Galiza en transporte público. **A alternativa que nos plantexan e pola que pelexan todos os partidos políticos do «stabliment» é o tren de alta velocidade, o AVE, cando o que realmente necesitamos é un tren que sexa rápido, efectivo e que articule a nosa xeografía comunicandonos realmente entre nos.**

# Propostas para un PXOM ao servizo do povo apresentadas polo CN no concello

1. **Que se garanta a participación cidadán na configuración urbanística do noso concello**, e cando falamos de participación cidadán non nos referimos aos grupos de presión que pretenden enchernos de asfalto en función da súa conta de resultados, abrindo o proceso á colaboración de todas as asociacións veciñais, culturais e deportivas, así como achegando-se ás parroquias para que os seus veciños e veciñas poidan aportar suxestións.

2. Que se fagan públicos os acordos da comisión de urbanismo sobre o PXOM para que os cidadáns sexamos coñecedores de como os partidos políticos no concello están deseñando o futuro de Marin.

3. **Un crecemento urbanístico ordenado e ecoloxicamente sustentábel** acorde coas necesidades de desenvolvemento equilibrado do noso concello, evitando o deterioro acelerado do entorno natural e polo tanto mellorando a calidade de vida. É necesario regular e facer obrigatorias as instalacións de enerxía solar nas novas edificacións así como a adopción de medidas de aforro enerxético.

4. **Protección da conca do Rio Loira**, zona de gran interese ecolóxico e paisaxístico, evitando a instalación de calquer parque industrial que deteriore o ecosistema do río.

5. Eliminar do PXOM calquer proposta de retirar a protección aos Espazos Naturais para convertelos en solos de Protección Forestal (Montes do Morrazo actualmente protexidos polas Normas complementarias e subsidiarias de Planeamento provincial de Pontevedra da CPTOPV)

6. Desenvolvemento dun modelo de transporte que comunique as distintas parroquias entre elas e o centro da vila co obxectivo de reducir a utilización de vehículos particulares.

7. **Regulación das instalacións de telefonía móbil**, afastandoas das zonas habitadas cando menos 600 metros.

8. Estabelecemento efectivo da **protección do noso litoral** pois é a verdadeira riqueza coa que contamos para promocionar un turismo de calidade como se fai en moitos países desenvolvidos.

9. **Promoción da vivenda social fronte á vivenda •glibre•h**, pois é obriga das institucións públicas facilitar o acceso a unha vivenda digna, cousa que hoxe en día é discutíbel co elevado custe da vivenda.

10. Que se establezan **gravamens ás vivendas que están desocupadas**, 1796 en Marin segundo datos do INE do ano 2001.

11. Un urbanismo desordenado transformou Marin ao longo do século XX nunha vila allea á súa propia identidade mariñeira afastando-se do Mar. Abrir Marin ao mar é unha permanente reivindicación eleitoral de gran parte dos partidos políticos con representación no concello, esta aspiración ten-se que facer realidade.

•Por iso demandamos a **eliminación de todas aquelas edificacións portuarias que impidan ás vistas ao mar**, e polo tanto que non sexan substituídas por outras.

•Demandamos que o espazo ocupado hoxe en día pola Escola Naval sexa contemplado como parte integrante dese proceso de recuperación de Marin e non se permita a especulación urbanística das súas instalacións no deseño do novo Plan, xa que no futuro poden ser empregadas para prestar servizos ao conxunto da cidadanía.